

Algúns aspectos do ensino da literatura nun contexto diglósico. O caso galego

Carlos Manuel Callón Torres

Grupo de Investigación GALABRA. Universidade de Santiago de Compostela

Nos tramos obrigatórios do ensino non universitário na Galiza, e de modo máis específico no bacharelato de Humanidades, marcan-se como contéudos xerais os referidos ás literaturas galega e española. Como é sabido, o ensino da literatura escrita en lingua galega non se xeneralizará até a década de 80 do século XX; anteriormente, a lingua e a literatura galegas eran, como dixo Blanco Amor referindo-se á prosa literaria, “unha práctica estraescolar, infrauniversitaria e sin rexencia nin acatamento académicos” (1985:14).

Mais, aínda que esta introdución da lingua e da literatura galegas como disciplina e a cooficialización do idioma podan parecer o cénite dun proceso de recuperación cultural (e así sexa presentado en non poucas ocasións), o certo é que o cadro xurídico-político vixente continua a privilexiar claramente o español, e o conxunto do currículo académico -na imensa maioría dos centros do país- continua a ser veiculizado en español (neste sentido, só excepcionalmente se cumpren os mínimos legais de docencia en galego). Non hai nada de coexistencia harmónica e si moito de xerarquia, de *diglosia*.

Literatura galega e literatura española: unha relación non harmónica

Hoxe é consideración xeneralizada identificar como literatura galega⁴⁶ aquela escrita en galego e literatura española aquela escrita en español por españois. Se non existe equilibrio social entre as linguas, moito menos o hai entre os sistemas literarios que consideran -ao menos, a partir de determinada época histórica- a lingua como a súa norma sistémica.⁴⁷ Por exemplo, o sistema literario español gaña amplamente ao galego, dentro da propia Galiza, no prestixio das súas institucións e na diversidade, a acesibilidade e a asequibilidade dos seus textos. A presenza social do sistema literario galego

⁴⁶ Seguiremos a terminoloxía e conceptos que vimos utilizando no Grupo de Investigación GALABRA e, así, cando falemos de *literatura galega* ou *literatura española* referiremo-nos ao conxunto de textos e autores do sistema literario do mesmo nome. Partindo das teorizacións de Even-Zohar (1990), chamaremos sistema literario a un fenómeno social complexo, heteroxéneo e dinámico, constituído por unha rede de factores, e non apenas os produtores ou produtoras de textos e os propios textos. Note-se ao respecto que os manuais para o ensino só tanxencialmente falan de algo que non sexan os textos e as súas autoras ou autores.

⁴⁷ Non deixa de ser tamén unha resposta política á diglosia facer unha releitura desta norma sistémica para os textos do pasado, considerando literatura galega só aquela escrita en galego, naqueles tempos en que o sistema emerxente era contraditorio nas súas normas caracterizadoras (século XIX, p. ex.).

(SLG) é a dunha *curiosidade*: as súas dinámicas fican ausentes dos medios de comunicación públicos ou privados, a súa existencia é practicamente nula na maioría das librerías do país e, ali onde se encontran libros de literatura galega, esta fica relegada á condición de *segundo prato*: posición marxinal na prateleira, nas estantes, etc. Recentemente, ofrecíanse os seguintes datos sobre a situación social do sistema literario galego: só 15% dos libros que venden as librerías galegas están en galego; o sector editorial pasou de producir 68 libros anuais en 1975 a 1.575 en 1999, mais as tiraxes reducíronse cuarta parte; das 349 librerías existentes, tan só 115 distribúen libro en galego. (Vidal 2001:30)⁴⁸

O ensino pasou a ser a institución axial deste sistema literario e, en xeral, do mercado do libro en lingua galega: a literatura máis vendida é aquela que se prescribe nas escolas e institutos, os ensaios que baten marcas de vendas son os manuais de literatura ou estudos de sociolingüística... No entanto, os *best-sellers* de verdade, os manuais de autoaxuda, as enciclopédias, os libros divulgativos, a literatura traducida doutras linguas, etc., venden-se maioritariamente en español. E, non nos enganemos, tamén textos escritos orixinalmente no noso idioma baten na Galiza recordes nas súas vendas en tradución española. Referímonos non só a libros pertencentes ao sistema literario galego, como *O lapis do carpinteiro / El lápiz del carpintero*, senón tamén a textos doutros sistemas que empregan o noso mesmo código lingüístico, como pode ser o caso da obra de autores como José Saramago ou Paulo Coelho.⁴⁹

Estas exitosas traducións de textos considerados do SLG (aínda que moitas veces non se diga nen tan sequer que son traducións) reforzan a consideración da cultura galega como unha cultura híbrida, unha curiosidade ou excepción da ‘verdadeira cultura’: a veiculizada en español. Isto supón unha ruptura coa tradición deste sistema literario, que emerxiu asistido polo movemento (proto)nacionalista como modo de literaturizar protagónicamente a Galiza e/ou conferir-lle prestixio ao idioma galego (introducindo-o nos grupos letrados, que eran os máis desgaleguizados). Loxicamente, nas traducións desaparece o universo monolingüe en galego do texto; portanto, pasa-se de ter unha literatura que é arma relevante do proceso de normalización lingüística a unha literatura

⁴⁸ Como antes indicábase, fronte a esta realidade, moitos libros de texto consideran a época actual como cénite da cultura galega. Esta idealización impide cuestionar a desigualdade real, pois nen se chega a presentar como utopía a hexemonía do SLG.

⁴⁹ Cfr., p. ex., cos datos de vendas en Galiza ofrecidos pola *Revista das Letras, Artes, Ciencias* (suplemento d’ *O Correo Galego*) do último trimestre de 1998 e o primeiro de 1999. Entre as obras máis vendidas en español están *El lápiz del carpintero* (Manuel Rivas), *La flecha amarilla* (Suso de Toro e Xurxo Lobato), *El peregrino de Compostela* (Paulo Coelho) e *Todos los nombres* (José Saramago). (Vid. sección “Os títulos máis vendidos da semana”. As librerías consultadas para os datos de galego e español pertencían a: Couceiro -Santiago e A Coruña-; El Corte Inglés -Santiago, A Coruña e Vigo-; Librouro -Vigo-; Follas Novas -Santiago- e Arenas -A Coruña-.)

supeditada totalmente á situación de diglosia, que na súa distribución eterniza a xerarquia da lingua, de modo independente ao que se explicita no texto e á vontade do autor ou autora, que sempre se exteriorizará como a mellor do mundo. A distribución masiva destas traducións consolida, pois, a diglosia.

Chega-se así á situación de institutos -polo demais, escasos- en que se recomentan obras traducidas do galego para o castellano nas aulas de lingua e literatura española. Tampouco é estraño que se dé o fenómeno de que libros de lectura obrigatoria nunha lingua se lean noutra por acesibilidade (facilidade para conseguir a obra nunha librería) ou asequibilidade (en moitos casos, as traducións para o español son máis baratas).

A diglosia nos libros de texto de literatura galega

Antón Figueroa publicou en 1988 *Diglosia e texto*, un breve ensaio que, centrando a exemplificación no caso galego, pretendía analizar a influencia da diglosia na comunicación literaria. Nesa obra indicában-se os seguintes trazos para unha literatura en lingua B: a tendencia a confundir texto literario e texto-documento; a consideración de canónicos para textos aos cais non se lles concede valor estético (*fetichización*); a tendencia para a desorganización espazo-temporal das disposicións tipolóxicas que condicionan a renovación estética; a supervaloración de elementos etno-folclóricos; a filoloxización dos textos; as complicacións para configurar o texto literario como obra aberta; as configuracións anómalas dos horizontes de expectativas (*horizon d'attente*); a deslocación do sentido lúdico e, en troca, aparición dun sentido épico para o texto literario; etc.

Se collermos os libros de texto que introducen, total ou parcialmente, contéudos sobre literatura galega, veremos que en moitos deles se reproducen as características apuntadas por Figueroa, especialmente no aparato iconolóxico destes manuais: capa e contracapa, ilustracións para os textos ou para os temas, etc. Deste modo, a mediación do libro escolar, máis que servir para “actualizar” ou “explicar” o texto literario ao alumno ou alumna, serviu ou serve en moitos casos para desviar a lectura dese texto cara ao folklorismo, a adoración do pasado, etc., suplantando os valores que poda ter o texto por aqueles que preconceitualmente se agarda que teña a literatura galega. E non podemos esquecer que, para moitas e moitos, dada a escasa forza institucional do SLG, só terán coñecemento del através destes manuais escolares.

Efectivamente, aínda que nos libros máis actuais vaia a menos, continua a existir a tendencia editorial⁵⁰ a ilustrar estes manuais de lingua e literatura galegas con hórreos, carros de bois, cruceiros, paisaxes rurais, etc., que non fan

⁵⁰ É claro que cuestións como a capa ou as ilustracións responden á intención dos editores e non á dos autores dos textos pedagóxicos, que aquí non entramos a valorizar.

máis que espectacularizar a diglosia. Deste modo, aínda que academicamente se lle conceda un espazo ao galego, non se quebran os usos e hábitos diglósicos.

Vamos reflexionar apenas sobre algúns libros de texto recentes e observar como elementos semióticos -alleos á propia exposición de contidos ou ás antoloxias literarias- condicionan toda a exposición pedagóxica que conteñan esas obras. Por exemplo, o libro *Andaina 3. Literatura galega* (López Varela *et al.* 1990) ten na súa capa unha paisaxe rural (un hórreo, casas espaxadas, bosque, camiños...) e, en letras ben grandes, o seguinte texto: “A paisaxe sempre foi un tema moi presente na literatura galega. ¿Coñeces a Galicia rural e íntima que Manuel Curros Enríquez describe no seu poema ‘Nouturnio’?” Vincula-se así a literatura galega con todos os preconceitos que existen sobre ela (ruralismo, intimismo...) e, ademais, subliña-se o contido descritivo dun poema como “Nouturnio”, ao cal, desde logo, non lle faltan potencialidades para que se incentive o seu comentario dunha perspectiva filosófica, estética, histórica, etc.

Unha obra como *Lingua galega e literatura* para primeiro da ESO da editora Bruño (Blanco 1996) aínda que presenta deseños máis próximos á cotidianeidade das mozas e dos mozos non deixa de ter sobreabundancia pictórica de todo o que sexa referencia ao pasado ou ao rural: hórreos, queixos, chourizos, xamóns, igrexas á beira do mar, cruceiros, palleiros, pandeireteiras, leiteiras, paraugüeiros, zocas, etc.

Se compararmos co tratamento editorial que reciben os libros de lingua e literatura española, a diferenza é abismal. Os libros de texto para os cursos máis avanzados do ensino medio, xa monograficamente dedicados á literatura, son o día e a noite no caso galego e no caso español. No que di respecto aos de español, transmítese a idea de prestixio, de “alta cultura” (p. ex., con representacións pictóricas clásicas na capa). No caso galego hai... de todo. Xa antes falamos do libro *Andaina 3*, da editora Bruño; outra situación semellante sería a de *Literatura galega. 3º Bacharelato* de Anaya (Iglesias 1999), onde capa e contracapa están ocupadas por un peliqueiro de Laza, unha folklorización que non se corresponde despois co contido da obra, mais que conforma xa un determinado horizonte de expectativas sobre a literatura de que vai tratar.⁵¹

A literatura galega nos libros de literatura española

A literatura galega aparece nos libros de texto de literatura española basicamente nalgún destes tres casos: a) referencias á Idade Média; b) refe-

⁵¹ Mais que, dunha perspectiva planificadora non se entenda mal o que estamos a dicir. Campanários ou hórreos, p. ex., fan parte do noso entorno, mais colócalos como referentes prioritarios ou exclusivos da cultura galega supón un reduccionismo letal para esta. Resulta chamativo, así mesmo, que o rural ou o folclórico se transmitan *notarialmente*, non recriados artisticamente.

rências á obra de Rosalía de Castro, centradas na súa condición de poeta; c) breve espazo que se lle concede ás “literaturas constitucionais”⁵². Estas alusións -marxinais- serven para que no resto do Estado se conforme unha determinada imaxe da literatura galega, mais tamén funcionan como espello para o alunado galego: reconece-se a identidade cultural propia por medio do recoñecimento que fan os outros.

Para comezar, a cantiga de amigo -que é o único xénero cancioneril escrito en galego que se cita usualmente- incluíse en todos os libros de texto de lingua e literatura española que vimos como “poesía popular”. Nalguns manuais indícase que estas cantigas se escriberon en galego ou galego-portugués, mais nen tan sequer en todos. En xeral, a información que se ofrece sobre a lírica medieval é reducida e confusa (literatura española primitiva? tradición literaria diferenciada?). Os datos que se fornecen sobre Rosalía carecen polo xeral do máis mínimo rigor e os contidos sobre literatura galega rozan en moitos casos o disparate.⁵³

Frente a esta integración subsidiaria nos libros de literatura española, nos libros de literatura galega foxe-se de toda a vinculación co intersistema luso-afro-brasileiro.⁵⁴ Iso si, comparativamente, nos manuais de literatura española non se perde a oportunidade de ofrecer lecturas e información sobre as literaturas hispanoamericanas. No caso galego, en que existen carências historiográficas de relevo (significativamente os chamados Séculos Escuros), actúa-se como se o español non existise social e academicamente, como se non existisen défices proxectivos⁵⁵ que a literatura galega non pode cubrir. E non se trata dun esquecemento: p. ex., o primeiro libro de texto de literatura galega para 3º de BUP de Xerais (Seitura 1982) ofrecía epígrafes sobre literatura portuguesa que foron eliminados das posteriores edicións deste manual.

Bibliografía citada

- Blanco Amor, Eduardo (1985): “Prólogo útil”. *Xente ao lonxe*. Vigo: Galaxia.
Blanco Blanco, Concha (coord.) (1996): *Lingua galega e literatura. 1º ESO*. Madrid: Bruño.
Figueroa, Antón (1988): *Diglosia e texto*. Vigo: Xerais.
Iglesias, Primitivo (1991): *Literatura galega. 3º Bacharelato*. Madrid: Anaya.
López Varela, Elisardo / Pichel Lorenzo, Antonio / Rodríguez Rodríguez, Eloy (1990): *Andaina 3. Literatura galega*. A Coruña: Bruño.

⁵² Esta é a nomenclatura eufemística que vén empregando a administración española ao referir-se ás literaturas galega, catalá e basca.

⁵³ Vid. como exemplo, para un e outro caso, Simón/Rodríguez 1994: 204.

⁵⁴ “A *questom galega*, da norma, da lingua, da cultura, foi sempre, é, e continuará a ser, umha questom de soberanía e de colocación cultural, de discurso cultural, de pertenza a què espazo polissistémico, a què sistema intercultural.” (Torres Feijó 2000: 990).

⁵⁵ Para o desenvolvemento deste concepto, vid. Torres Feijó 2000: 971-978.

- Seitura, Colectivo [Ramón Gutiérrez Izquierdo, Gonzalo Navaza Blanco, Luciano Rodríguez Gómez, Benito Varela Jácome] (1982): *Literatura galega. 3º BUP*. Vigo: Xerais.
- Simón, María; Rodríguez, Manuel (1994): *Lengua y literatura. 4º secundaria*. Madrid: SM.
- Torres Feijó, Elias (2000): “Norma lingüística e (inter-)sistema cultural. O caso galego” in *Actas del Congreso Internacional de Historia y Cultura en la Frontera – 1ª Encuentro de Lusitanistas Españoles*. Cáceres: Universidad de Extremadura.
- Vidal, C[arme] (2001): “Carlos Casares considera que o sector editorial está en crise”. *A Nosa Terra* 979.